



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2019 / 2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CAMIÑO - 32011901

ETAPA: PRIMARIA

CURSO: 1º

MATERIA: LINGUA GALEGA

DOCENTE: ANDREA TATO VEGA

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CAMIÑO

Terra de Souto, s/n
32310 Rubiá (Ourense)

ceip.virxedocamino@edu.xunta.gal

Tel. 988324205

ÍNDICE	PÁXINA
1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPENTECIAS IMPRESCINDIBLES.	3
2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.	4
3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE	5
4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	7



1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
B1.2. Comprender informacións audiovisuais sinxelas de carácter específico procedentes de diferentes soportes.	LGB1.2.1. Comprende informacións relevantes e específicas moi evidentes de documentos audiovisuais sinxelos que presenten imaxes e/ou sons moi redundantes co contido.
B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.	LGB1.3.2. Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo. LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais moi breves e sinxelos ante a clase.
B1.8. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.	LGB1.8.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega.
B2.1. Comprender a información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación.	LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación social. LGB2.1.2. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas. LGB2.1.3. Localiza información en textos breves e sinxelos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións).
B2.3. Ler, de forma guiada, textos sinxelos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.	LGB2.3.1. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos moi sinxelos. LGB2.3.2. Le textos sinxelos en voz alta, acadando progresivamente a velocidade axeitada.
B2.7. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.	LGB2.7.1. Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias e explica dun xeito moi sinxelo, as súas preferencias lectoras.



	<i>LGB2.7.2. Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas</i>
<i>B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita.</i>	<i>LGB3.1.1. Produce e reescribe textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos. LGB3.1.2. Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo. LGB3.1.4. Interésase por aplicar as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas. LGB3.1.6. Compón textos relacionados coa escola: listaxes, descrições e explicacións elementais.</i>
<i>B4.2. Coñecer, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas.</i>	<i>LGB4.2.1. Coñece, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.</i>
<i>B4.3. Recoñecer a relación entre son e grafía así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.</i>	<i>LGB4.3.1. Recoñece a relación entre son e grafía. LGB4.3.2. Separa as palabras que conforman un enunciado.</i>
<i>B5.2. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.</i>	<i>LGB5.2.1. Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora. LGB5.2.2. Le, de forma guiada e en voz alta, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lector.</i>

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

AVALIACIÓN	<i>Procedementos de avaliación: a avaliación e cualificación adaptarase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre en beneficio do alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación tivéronse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificadas.</i>
-------------------	---



	<p><i>A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais será continua e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo en toda a etapa para valorar os avances realizados e os atrasos que se puidesen producir, con obxecto de planificar as medidas de recuperación que sexan necesarias e programar o vindeiro curso. En todo caso, a avaliación das actividades realizadas na fase non presencial so terá valor positivo para a cualificación do alumnado.</i></p> <p><i>Instrumentos de avaliación: A avaliación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020 considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas. Daráselle prioridade á avaliación, atendendo ao seu carácter continuo e global, diagnóstico e formativo, a partir das avaliacións anteriores e as actividades desenvolvidas durante este período, sempre favorecendo ao alumno ou á alumna.</i></p> <p><i>As modalidades de avaliación incluíndo a autoavaliación e a coevaluación, combinarán a información cualitativa e cuantitativa.</i></p>
CUALIFICACIÓN FINAL:	<p><i>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: A avaliación do alumnado terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas. Polo tanto, a cualificación da terceira avaliación nunca será inferior a acadada no 1º e 2º trimestre. Por outra banda, a avaliación ordinaria reflexará a nota máis alta obtida o longo de todo o curso escolar, sempre en beneficio do alumno/a.</i></p>

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

ACTIVIDADES	<p>Como mestra responsable da materia de lingua galega, teño operativos os contidos e as actividades na aula virtual do centro https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxedocamino/aulavirtual2/course/view.php?id=19. A través deste canle subministrase ao alumnado orientacións, materiais e ferramentas para facilitar a preparación destes contidos e a adquisición de competencias de xeito adecuado. Manteño ademais un canle de comunicación directo co alumnado (horario de atención, solución de dúbidas, corrección de exercicios...) a través do chat da aula virtual de luns a venres en horario de 10:00 a 13:00 h.</p> <p>Con data 13/04/2020 e coa colaboración do Concello de Rubiá, proporcionouse a totalidade do alumnado do centro os libros de texto e o material funxible preciso para abordar o proceso de ensino – aprendizaxe nas casas, ademais dun folleto explicativo</p>
--------------------	---



	(personalizado para cada alumno/a cun usuario e unha contrasinal) para poder acceder ás categorías e cursos nos que están matriculados.
METODOLOXÍA (<i>alumnado con conectividade e alumnado sen conectividade</i>)	<p>Adaptouse dita programación a metodoloxía non presencial co obxectivo prioritario de que os alumnos e as alumnas non perdan o curso e poidan continuar avanzando na súa formación, tendo en conta de maneira especial a situación dos estudantes máis vulnerables. Neste eido, e en colaboración co Concello, foron repartidos varios equipos informáticos ás diferentes familias que o solicitaron. A totalidade de alumnado do centro ten medios informáticos e conectividade.</p> <p>Todos os responsables das tarefas educativas (docentes, equipos directivos...), extremamos o coidado para apoiar aos estudantes e as súas familias, para facer posible o desenvolvemento das súas tarefas respectivas en condicións que promovan o seu benestar.</p> <p>Téntase coidar a calidade dos contidos, e que a súa vez, estes vaian acompañados de breves instrucións e recursos complementarios. Facílitate ademais a adaptación a dito proceso de ensino – aprendizaxe adaptándonos as particularidades de cada familia.</p>
MATERIAIS E RECURSOS	<p>As actividades están secuenciadas e temporalizadas nas diferentes semanas lectivas que abranguen o 3º trimestre. Entre os recursos seleccionados para as mesmas, atópanse actividades cinestésicas e actividades para aprender valores; recursos tics de reforzo e ampliación da materia correspondente, videotutoriais da mestra titora explicando novos contidos... Ademais os nenos e nenas teñen nas súas casas os manuais de cada asignatura para poder continuar coa materia.</p> <p>Téntase que as tarefas que se desenvolvan vaian orientadas á resolución de problemas da vida real. Na medida das posibilidades se empregarán recursos da rede e as achegas que as TIC fan ao mundo escolar, conscientes de que ese será o mundo no que se moverán os nosos alumnos. Daquela tentaremos desenvolver un espírito crítico con respecto delas, explotando as súas posibilidades pero facendo un uso axeitado e seguro das mesmas. Atenderemos aos distintos ritmos de aprendizaxe do alumnado, e promoveremos unha educación inclusiva. A lectura e a súa promoción terá un tratamento específico dentro da aula.</p>



4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS	<p><i>(Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado).</i></p> <p><i>Achegouse un folleto explicativo do funcionamento da aula virtual a cada alumno. Primeiramente as comunicacións establecéronse a través do espazo abalar. Posteriormente e unha vez que se puxo en marcha a aula virtual, manténse contacto directo co alumnado a través do chat da aula todos os días lectivos en horario de 10:00 a 13:00 h.</i></p> <p><i>Para dar a coñecer a información da programación do 3º trimestre, mandarase un mensaxe abalar a todos os responsables dos nenos/as coa ligazón a páxina web donde serán ubicadas, logo de ser validadas por inspección.</i></p>
PUBLICIDADE	<p><i>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</i></p> <p>https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxedocamino/</p>